



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E A FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN SANITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O DESENVOLVEMENTO, SEGUIMENTO E FINANCIAMENTO DAS ACTIVIDADES DA CONVOCATORIA DO 2024 DO PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO PRECOMERCIAL DOS RESULTADOS DE INVESTIGACIÓN DO SISTEMA PÚBLICO DE SAÚDE TRANSFRONTEIRIZO GALICIA – NORTE DE PORTUGAL (PRIS-T) PARA O ÁMBITO DE GALICIA NO MARCO DO PROXECTO TRANSFIRESAÚDE DO PROGRAMA DE COOPERACIÓN INTERREG VI-A ESPAÑA – PORTUGAL (POCTEP) 2021-2027 (PROCEDIMENTO SA304D)

Santiago de Compostela, a data da sinatura dixital

COMPARECEN:

Dunha parte, **D. Antonio Gómez Caamaño**, conselleiro de Sanidade, nomeado por Decreto 44/2024, de 14 de abril, en representación da Consellería de Sanidade, do Servizo Galego de Saúde e da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, actuando no exercicio das competencias que ten atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e nos Decretos 144/2024 e 145/2024, de 20 de maio, polos que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; e o Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e se aproban os seus estatutos; así como no establecido na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

E doutra, **D. Ángel Facio Villanueva**, en calidade de presidente do Padroado da Fundación Pública Galega Instituto de investigación sanitaria de Santiago de Compostela, en virtude do seu cargo como titular da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, segundo se establece no artigo 16.3) dos seus estatutos, e en virtude da reunión na que tivo lugar a



aceptación expresa da presidencia en data 17 de xuño de 2024 do Padroado da Fundación, inscrita na folla número 3 do Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Consellería de Sanidade, segundo publicación no Diario Oficial de Galicia de 30 de maio de 2001.

Ambas partes recoñécense capacidade xurídica e lexitimación suficiente para subscribir este convenio de colaboración, e

EXPOÑEN:

Primeiro.- A investigación no Sistema Público de Saúde de Galicia desenvólvese principalmente nos tres institutos públicos de investigación sanitaria (Instituto de Investigación Biomédica da Coruña - INIBIC, Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela – IDIS, e Instituto de Investigación Sanitaria Galicia Sur - IISGS), na Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica e na Fundación Pública Instituto Galego de Oftalmoloxía. Os institutos de investigación sanitaria galegos son, á súa vez, o resultado da asociación dos hospitais docentes e investigadores do Servizo Galego de Saúde co Sistema Universitario Galego e outras entidades públicas.

Segundo.- Que a **Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde** (en adiante, ACIS) é unha axencia pública autónoma que se encadra dentro das entidades públicas instrumentais reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autónomo de Galicia. A ACIS foi creada polo Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e apróbanse os seus estatutos, como un instrumento para a xestión da formación no Sistema público de saúde de Galicia, así como para o fomento e a coordinación da investigación nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, a coordinación e o impulso da actividade innovadora da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde e a avaliación de tecnoloxías e servizos sanitarios, así como a formación continuada dos/as profesionais das institucións sanitarias.





Terceiro.- Que a **Fundación Pública Galega Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela** (en adiante FIDIS) é unha fundación de interese galego en conformidade coa Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego con personalidade xurídica propia e sen ánimo de lucro, modificada pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico.

A Fundación está integrada no sector público autonómico de conformidade co previsto no artigo 45 da Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas e de conformidade co acordo do Consello da Xunta de Galicia de data 28 de decembro de 2023 no que se aprobou a modificación dos seus estatutos, polo que ten a consideración de medio propio instrumental e servizo técnico da Xunta de Galicia, o que implica a súa vinculación ao réxime dos artigos 47 e seguintes da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e está adscrita á consellería competente en materia de sanidade, a través do Servizo Galego de Saúde.

A FIDIS réxese polos seus estatutos, polas normas de réxime interno que en interpretación e desenvolvemento destes aprobe o Padroado e, en todo caso, pola Lei 12/2006, do 1 de decembro, de Fundacións de Interese Galego, polo Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Fundacións de Interese Galego, polo Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Rexistro de Fundacións de Interese Galego, pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, polo Decreto 119/2012, do 3 de maio, polo que se regulan as retribucións e percepcións económicas aplicables aos órganos de goberno ou dirección e ao persoal directivo das entidades do sector público autonómico, polo Decreto 129/2012, do 31 de maio, polo que se regula o réxime aplicable ao persoal das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico de Galicia que sexan obxecto de creación, adaptación ou extinción, e polas demais normas que as desenvolvan ou substitúan ou sexan de aplicación. Ademais pola súa condición de Fundación do sector público de Galicia, tamén lle será





aplicable nos aspectos que procedan, a normativa vixente en materia de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, a lexislación de subvencións e de contratos do sector público, a normativa da función pública e de organización e funcionamento da administración e do sector público autonómico de Galicia, a normativa de transparencia e boas prácticas da Administración pública galega e, en xeral, calquera outra norma aplicable aos entes instrumentais do sector público de Galicia.

A Fundación ten por obxecto impulsar a investigación, a docencia, o desenvolvemento científico-tecnolóxico e a innovación no ámbito sanitario e en Ciencias da Saúde, así como a realización de outras actividades que poidan contribuír á consecución do obxecto fundacional, caracterizado polo interese xeral galego. Con ese propósito, a Fundación serve de apoio, asesoramento e xestión aos profesionais e investigadores, nos centros do Sistema Público de Saúde de Galicia e contribúe eficazmente á consecución dos obxectivos fundacionais, recabando o apoio das entidades públicas e privadas para os seus fins, realizando labores de difusión e divulgación da actividade investigadora dos centros de investigación de Galicia, aumentando progresivamente de este modo a súa capacidade para competir e a calidade da súa produción científica.

Cuarto.- O proxecto **TRANSFIRESAÚDE, no marco do Programa de Cooperación Interreg VI-A España – Portugal (POCTEP) 2021-2027**, aposta polo reforzo da integración do ecosistema de investigación e innovación en saúde eurorrexional para o desenvolvemento de actuacións conxuntas para abordar os retos vinculados ao envellecemento activo e saudable e a medicina personalizada, preferentemente na contorna da atención primaria.

Este obxectivo encádrase dentro da Estratexia Galega de Especialización Intelixente (RIS3), concretamente no reto 3 relativo ao modelo de vida saudable baseado no envellecemento activo da poboación, para situar a Galicia como a rexión líder do sur de Europa na oferta de servizos e produtos intensivos en coñecemento relacionados cun modelo de vida saudable e de envellecemento activo. Contextualízase na prioridade 3, definida como enfoque cara ás persoas, ao orientar os esforzos en I+D+i cara as necesidades e o benestar das persoas, e consolidación de Galicia como unha contorna de referencia mundial para o desenvolvemento





e testeo de novas oportunidades e solucións innovadoras dirixidos a elas.

A Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS) lidera o proxecto conformado por organismos de Galicia (Universidade de Vigo, Centro de Investigación en Tecnoloxías de Innovación -CITIUS- da Universidade de Santiago de Compostela, Servizo Galego de Saúde); Norte de Portugal (Instituto de Investigação e Inovação em Saúde da Universidade do Porto, Centro Clínico Académico-Braga Associação 2CA-Braga, Associação Centro de Medicina P5 - ACMP5, Instituto de Engenharia de Sistemas e Computadores, Tecnologia e Ciência - INESC TEC); e a Agrupación Europea de Cooperación Territorial Eurocidade Chaves-Verín.

O proxecto TRANSFIRESAÚDE está financiado nun 75% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento rexional (FEDER) dentro do Programa Interreg VI-A España-Portugal (POCTEP) 2021-2027, que foi elaborado polos Estados membros de España e Portugal co fin de afrontar desafíos crave na área fronteiriza entre ambos países.

Quinto.- Un dos obxectivos do proxecto TRANSFIRESAÚDE é o impulso dos resultados de investigación próximos ao mercado e o fomento da innovación empresarial desde a perspectiva da demanda auspiciada polo sector público, tendo como propósito a aceleración das mellores investigacións biomédicas na materia para achegalas ao mercado. Para este fin establécese, no marco do proxecto TRANSFIRESAÚDE, o desenvolvemento dun **Programa de Desenvolvemento Precomercial dos Resultados de Investigación do Sistema Público de Saúde Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal (PRIS-T)** en réxime de concorrência competitiva, unha ferramenta deseñada para tender unha ponte entre o coñecemento xerado polos grupos de investigación e a creación de valor económico e asistencial a través de novos produtos e servizos.

O seu funcionamento baséase na identificación de proxectos de investigación en saúde que se están desenvolvendo en Galicia e Norte de Portugal e con posibles resultados con potencial comercial. Tras unha análise polo comité de selección que se refire o artigo 15 que permita identificar os puntos fortes e febles de cada proxecto, enfocado ao seu potencial





desenvolvemento comercial, seleccionaranse os máis relevantes e elaborárase un plan de desenvolvemento estratéxico detallado sobre eles. O reto que se presenta é o de transformar o coñecemento, o esforzo e os recursos da I+D+i biosanitaria en valor económico e social; orientando os esforzos cara a liñas de alta capacidade de transferencia que xeren retornos sostibles e de gran impacto.

O Programa PRIS-T do proxecto TRANSFIRESAÚDE ten dous ámbitos de actuación: Galicia e Norte de Portugal, cunhas bases comúns para ambas rexións publicadas no Documento Regulador do Programa de Desenvolvemento Precomercial dos Resultados de Investigación do Sistema Público de Saúde Transfronteirizo (PRIS-T). O presente convenio de colaboración circunscríbense ao ámbito de actuación do Sistema Público de Saúde de Galicia.

Sexto.- Que pola *Resolución* do 11 de outubro de 2024 se aproba e se publican as bases reguladoras do Programa de desenvolvemento precomercial dos resultados de investigación do Sistema público de saúde transfronteirizo Galicia - Norte de Portugal (PRIS-T) para o ámbito de Galicia, no marco do proxecto Transfiresaúde do Programa de cooperación Interreg VI-A España-Portugal (POCTEP) 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento SA304D).

No artigo 4 establécese dúas liñas de actuación no marco do Programa PRIS-T:

1. *Liña de apoio á Valorización dos resultados da investigación sanitaria (PRIS-VAL)*, orientada a proxectos de desenvolvemento precomercial baseados nuns resultados de investigación ou experiencias preliminares xa contrastados e que mostren potencial de transferencia. De acordo co artigo 6, establécese un máximo de 50.000 euros de financiamento para cada proxecto seleccionado de valorización.
2. *Liña de impulso á Transferencia dos resultados da investigación sanitaria (PRIS-TRANSF)*, dirixida a proxectos que requiran validación clínica dunha tecnoloxía sanitaria desenvolvida, entendida como o conxunto de dispositivos e procedementos médicos ou cirúrxicos usados na atención sanitaria, incluíndo os sistemas organizativos e de





soporte. De acordo co artigo 6, establécese un máximo de 30.000 euros de financiamento para cada proxecto seleccionado de transferencia.

No artigo 14 establécese o procedemento de concesión das solicitudes recibidas por Fundación. Correspóndelle ao titular da Presidencia da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde ditar a resolución de concesión, logo de ver a proposta de resolución efectuada polo órgano instrutor, a Área de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria da ACIS.

No artigo 5 da devandita resolución de aprobación e publicación das bases reguladoras, establécese o Convenio de colaboración entre cada unha das fundacións públicas de investigación sanitaria de Galicia (Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica INIBIC, Fundación Pública Galega Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela e Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica Galicia Sur) e a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde para o desenvolvemento, seguimento e financiamento das actividades necesarias para levar a cabo o proceso de valorización e transferencia dos proxectos seleccionados da súa área de influencia.

Septimo.- Que por *Resolución* de concesión ditada polo titular da Presidencia da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, e de acordo co artigo 14 da devandita resolución de aprobación e publicación das bases reguladoras, os seguintes proxectos da **Fundación Pública Galega Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela** foron seleccionados para participar nas actividades de valorización e/ou transferencia do Programa de desenvolvemento precomercial dos resultados de investigación do Sistema público de saúde transfronteirizo Galicia - Norte de Portugal (PRIS-T) para o ámbito de Galicia:

ACRÓNIMO	PROXECTO	LIÑA DE ACTUACIÓN	PUNTUACIÓN	FINANCIAMENTO CONCEDIDO
MethylPANC	Detección precoz y monitorización no invasiva de cáncer de páncreas con ADN	PRIS-VAL	472	50.000,00 €





	metilado			
PKPDrugs	PKPDrugs: Innovación Galega na Vanguarda da Dosificación personalizada de Fármacos	PRIST-VAL	455	50.000,00 €
Tromboimaxe-19F	Tromboimaxe molecular por resonancia magnética con nanopartículas de flúor-19	PRIST-VAL	432,5	50.000,00 €
PneumoTrack	PneumoTrack: innovación transcriptómica para a detección rápida de pneumonía bacteriana infantil	PRIST-VAL	430	50.000,00 €
NeurAlemab	Desenvolvemento dun anticorpo monoclonal contra pTau para a teragnóstica da enfermidade de Alzheimer	PRIST-TRANSF	429,5	30.000,00 €
EPI-smaRT-PRO_advanced	Prueba Epignética Avanzada de Radiosensibilidad Específica en Pacientes con Cáncer de Próstata	PRIST-VAL	424,5	50.000,00 €
RESPISAL	Biomarcadores epixenéticos en saliva	PRIST-VAL	424	50.000,00 €





	para a predicción da gravidade de VRS en lactantes			
DIGAG	Diagnóstico de diabetes mediante proteínas unidas a glicosaminoglicanos	PRIST- TRANSF	420,5	30.000,00 €
Total financiamento concedido á Fundación Pública Galega Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela				360.000,00 €

De acordo co punto 3 do artigo 15 das bases reguladoras, quedarán como suplentes aquelas solicitudes para as cales non se dispoña de crédito suficiente, coa condición de que cumpran os requisitos exixidos nesta convocatoria, e acaden a puntuación mínima de 50 puntos establecida no artigo 16 das devanditas bases:

PROXECTOS SUPLENTES				
ACRÓNIMO	PROXECTO	LIÑA DE ACTUACIÓN	PUNTUACIÓN	FINANCIAMENTO SOLICITADO
GOTELA	Validación terapéutica do fármaco GOT para o tratamento crónico na ELA	PRIST- VAL	417,5	50.000,00 €
MBC-PREDICT	Desenvolvemento dun test para a predicción da recorrencia metastásica no cancro de mama localizado.	PRIST- VAL	416	50.000,00 €
dsRNAi	Terapia dsRNAi para	PRIST-	415	30.000,00 €





	Carcinoma Anaplásico de Tiroides (ATC)	TRANSF		
pRediCCtIO	Kit transcriptómico con impacto pronóstico y predictivo para inmunoterapia en cáncer renal avanzado	PRIST-VAL	412,5	50.000,00 €
NeuProHRI	A quinasa HRI como diana neuroprotectora en enfermedades neurológicas	PRIST-VAL	412,5	50.000,00 €
SmartCytoFlow	Automatización de Diagnóstico de Enfermedad Residual e Poboacións CAR-T en Hematoloxía	PRIST-VAL	408	50.000,00 €
ThioBars	ThioBars: una avaliación simple de estado redox en ouriños	PRIST-VAL	406,5	45.000,00 €
VABIRESMU	Validación de biomarcadores plasmáticos de respuesta a inmunoterapia	PRIST-VAL	405,5	50.000,00 €
SINATRA	Novo modelo de	PRIST-	405,5	50.000,00 €





	predición da resposta para o tratamento con anti- TNF en artrite reumatoide	VAL		
SOVAPEME	Software para a detección de oclusións vasculares en vasos cerebrais de calibre pequeno e mediano	PRIST- VAL	404	50.000,00 €
AF-markers	AF-markers para la toma de decisiones clínicas	PRIST- TRANSF	403	30.000,00 €
PanCanGO	Uso de la obestatina como agente antineoplásico en el cáncer de páncreas.	PRIST- VAL	399	50.000,00 €
PREDINOM	Validación de biomarcadores para un kit predictivo de osteonecrose maxilar por fármacos	PRIST- VAL	392,5	50.000,00 €
OBEpyk	Validación de nuevos biomarcadores de obesidad: Pyk2	PRIST- VAL	378,5	50.000,00 €
GNASCEL-Tx (GNASCEL Therapy Exploration)	Valorización del modelo GNASCEL	PRIST- VAL	377	50.000,00 €





GUANINE	Herramienta interactiva de análisis de datos procedentes de nCounter enfocada al sector biomédico	PRIST-TRANSF	372,5	30.000,00 €
PREANTIF	Algoritmo computacional de predicción para terapia anti-TNF en enfermedad inflamatoria intestinal	PRIST-VAL	367,5	50.000,00 €
VALERIA	Mejora y Rehabilitación Virtual del Lenguaje con Asistencia Interactiva en Familia	PRIST-TRANSF	362	29.961,23 €

Por todo o exposto, e de acordo co artigo 5 da devandita resolución de aprobación e publicación das bases reguladoras, as partes acordan subscribir o presente convenio de colaboración, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS:

Primeira.- Obxecto

O obxecto deste convenio de colaboración é o establecemento dun marco de actuación para a colaboración entre as partes no desenvolvemento, seguimento e financiamento das





actividades necesarias para levar a cabo o proceso de valorización e transferencia dos proxectos seleccionados na convocatoria do Programa de desenvolvemento precomercial dos resultados de investigación do Sistema público de saúde transfronteirizo Galicia - Norte de Portugal (PRIS-T) para o ámbito de Galicia, no marco do proxecto Transfiresaúde do Programa de cooperación Interreg VI-A España-Portugal (POCTEP) 2021-2027.

Segunda.- Actividades obxecto de financiamento do Convenio

Os proxectos seleccionados no Programa PRIS-T gozarán dun programa de acompañamento e seguimento mediante actividades de valorización e transferencia organizado pola Fundación de acordo coa Axencia Galega de Coñecemento en Saúde. Son obxecto de financiamento as seguintes accións para os proxectos seleccionados:

- a) Custos de adquisición de material e pequenos equipos inventariables vinculados directamente ás actividades de valorización e transferencia do proxecto.
- b) Custos de subcontratación de servizos de I+D+i e servizos de consultoría tecnolóxica destinados exclusivamente ás actividades do proxecto. Estes gastos considéranse obxecto de financiamento sempre que as actividades obxecto do contrato acheguen valor ao proxecto e non poidan ser asumidas directamente polas entidades beneficiarias.
- c) Custos de subcontratación de servizos vinculados a un enfoque estratéxico de protección da tecnoloxía/produto.
- d) Custos de subcontratación de servizos asociados á validación técnica e económica da funcionalidade da tecnoloxía/produto por parte de clientes potenciais, estratexia comercial, etc.
- e) Custos de subcontratación de servizos de estudos de mercado detallados, que incluírán, entre outros:
 - 1º. Identificación de líderes de opinión clave.
 - 2º. Identificación e cuantificación de grupos de investigación que traballan nos mesmos produtos por mercado/país.
 - 3º. Identificación dos principais distribuidores e comercializadores dos produtos por





mercado.

f) Custos do persoal das fundacións públicas galegas de investigación biomédica que colaboren na execución das actividades necesarias para levar a cabo o proceso de valorización e transferencia dos proxectos seleccionados. Este importe non poderá superar o 10 % da contía máxima establecida por proxecto seleccionado.

Terceira.- Condicións económicas de financiamento das axudas

A contía máxima destinada a financiar o Programa PRIS-T para a **Fundación Pública Galega Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela** como entidade beneficiaria será de trescentos sesenta mil euros (360.000,00 EUR) de acordo coa *Resolución* de concesión ditada polo titular da Presidencia da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, que se imputarán ás aplicacións orzamentarias da Axencia para os anos 2024, 2025 e 2026, nas cales existe crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma galega, coa seguinte distribución:

Entidade	Aplicación orzamentaria	Código de proxecto	2024	2025	2026
Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde	12A1 561C 481.0	2024 00003	165.600,00 EUR	144.000,00 EUR	50.400,00 EUR
Total			360.000,00 EUROS		

Financiarase ata o 100% do orzamento presentado para cada proxecto seleccionado ata esgotar o orzamento máximo dispoñible para a entidade beneficiaria e tendo en conta o límite máximo en función da tipoloxía de proxectos -50.000 € para proxectos de valorización e 30.000 € de transferencia-.

Quedarán en todo caso, como suplentes susceptibles de financiamento por parte da Fundación aqueles proxectos seleccionados para os cales non se dispón de crédito suficiente,





para o caso de posibles desestamentos por parte dos equipos de proxectos seleccionados, e/ou posibles remanentes sen executar de proxectos concedidos. A comisión de seguimento establecida na cláusula oitava deste convenio acordará o seu financiamento.

Serán accións elixibles para financiar as incluídas na cláusula segunda que estean comprendidas entre o 1 de xaneiro de 2024 ata a fin do programa, prevista para o 1 de maio de 2026.

En caso de subcontratacións, que se rexerá polo disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, motivaranse debidamente o obxecto, o alcance e a necesidade dela para a realización das actividades do proxecto de investigación.

Non se considerarán gastos financiáveis en ningún caso os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación. O imposto sobre o valor engadido (IVE) poderase considerar gasto subvencionable cando a entidade beneficiaria acredite, mediante a correspondente certificación, que se encontra acollida ao réxime de exención do IVE.

Cuarta.- Anticipo de pagamento

A Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde realizará á sinatura do presente convenio de colaboración un pagamento anticipado de acordo co disposto no artigo 19 da devandita resolución de aprobación e publicación das bases reguladoras, suxeito ás seguintes condicións:

- a) Anticiparase ata o 50 % do importe total do financiamento concedido mediante resolución motivada sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.
- b) De acordo co establecido no artigo 65.4.c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en relación cos artigos 62.3 e 67 do mesmo corpo legal, quedan exonerados da constitución de garantías as administracións públicas, os seus organismos vinculados ou dependentes e as sociedades mercantís estatais e as fundacións do sector público estatal, así como análogas entidades





doutras comunidades autónomas e das entidades locais.

c) O pagamento do anticipo realizarase, no momento da sinatura do convenio de colaboración, á entidade beneficiaria na conta bancaria indicada por esta, que deberá ser da súa titularidade.

Para tal fin, establécese á firma do convenio de colaboración coa **Fundación Pública Galega Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela** o seguinte pago anticipado:

Entidade	Aplicación orxamentaria	Código de proxecto	Anticipo
Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde	12A1 561C 481.0	2024 00003	165.600,00 EUROS

Quinta.- Período de execución das actividades e das xustificacións

As actividades obxecto do presente convenio de colaboración e a súa xustificación financeira tense que ter realizado dentro dos períodos comprendidos e nos prazos seguintes:

ANUALIDADE ORZAMENTARIA	ACTIVIDADES OBXECTO DE FINANCIAMENTO	PRAZO PARA A XUSTIFICACIÓN
2024	As comprendidas dende o 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro de 2024	Ata o 31 de xaneiro do 2025
2025	As comprendidas dende o 1 de xaneiro de 2025 ata o 30 de novembro de 2025	Ata o 15 de decembro do 2025
2026	As comprendidas dende o 1 de decembro de 2025 ata o 1 de maio do 2026	Ata o 1 de xuño do 2026

Os períodos de realización de gastos (emisión facturas) e realización de pagos dos gastos executados pola Fundación, deberán terse realizado dentro do período especificado para



cada anualidade. Considérase gasto realizado o que se leve a cabo dentro do período de execución e sexa efectivamente pagado antes do vencemento do prazo para a presentación da xustificación da axuda.

En todo caso, a liquidación do importe final das axudas concedidas calcularase en función das facturas e demais xustificantes que se presenten ao respecto. No caso de que os gastos totais xustificados e admitidos sexan inferiores ao importe da axuda concedida, efectuarase a redución proporcional correspondente, sempre que se cumprisen os obxectivos previstos. Entenderase que queda por conta da persoa beneficiaria a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada. O aboamento da axuda efectuaráselle directamente á entidade beneficiaria na conta bancaria indicada por esta, que deberá ser da súa titularidade

A Comisión de seguimento considerada na cláusula oitava do presente Convenio de colaboración determinará e validará a realización das actividades e a súa xustificación en sesión ordinaria logo da recepción da documentación requirida á Fundación segundo o establecido na cláusula sexta deste convenio.

Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen se ter presentado ante a Área de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria da Axencia Galega de Coñecemento en Saúde, esta requiriralle á entidade ou persoa beneficiaria que no prazo improrrogable de dez (10) días a presente para os efectos previstos neste artigo. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido neste parágrafo comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da axuda, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste parágrafo non eximirá a entidade ou persoa beneficiaria das sancións que, conforme a lei, correspondan.

Así mesmo, cando a Área de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria da Axencia Galega de Coñecemento en Saúde aprecie a existencia de defectos emendables na xustificación presentada pola entidade ou persoa beneficiaria, porao no seu coñecemento e concederalle





un prazo de dez (10) días para a súa corrección.

A comprobación económica das axudas efectuarase a través das actuacións por parte da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, de obrigado cumprimento tal e como se recolle no artigo 21 da devandita resolución de bases reguladoras e convocatoria, que verificarán que o gasto declarado é real e ten relación coa actuación subvencionada, que os bens se entregaron ou os servizos se prestaron de conformidade coa resolución de concesión, que as xustificacións son correctas e que as operacións e gastos cumpren as normas aplicables, así como que a entidade beneficiaria non incorre no suposto de dobre financiamento.

Sexta.- Réxime de xustificación

A xustificación das axudas percibidas será eficaz, transparente e baseada na calidade e no impacto científico-técnico e socioeconómico das actuacións financiadas, mediante unha xustificación económica e unha xustificación científico-técnica. Para tales efectos, deberán achegar:

1. Unha **memoria científico-técnica de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da axuda, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos segundo o recollido no **Anexo I** para cada un dos proxectos seleccionados do presente convenio de colaboración. Para o caso da **memoria científico-técnica final de xustificación** dos proxectos acompañarase unha declaración asinada electronicamente pola persoa responsable da entidade, ou por quen actúe en representación desta, de que se cumpriu a finalidade da axuda.

2. Unha **memoria económica xustificativa** do custo das actividades realizadas segundo o recollido no **Anexo II** para cada un dos proxectos financiados acompañado dos seguintes documentos ou facturas de valor probatorio:

2.1. Relación detallada dos gastos en que se incorreu na realización das actividades





subvencionadas, debidamente agrupados, con identificación do acredor e do documento, do seu importe, data de emisión e data de pagamento.

2.2. As facturas ou os documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior, e a documentación acreditativa do pagamento. Os gastos xustificandos deberanse axustar aos conceptos incluídos no orzamento inicial. Non se aboará máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida.

2.3. Facturas, conformadas pola persoa responsable da entidade beneficiaria ou por quen actúe en representación desta, con indicación do DNI. As facturas que se presenten como xustificación dos gastos realizados deberán detallar unidades e os prezos unitarios. De non vir correctamente tipificado o gasto, as facturas non se admitirán a trámite, o que dará lugar á perda da subvención concedida.

2.4. Documento bancario acreditativo do pagamento das facturas presentadas, debidamente identificado. Non se admitirán pagamentos en efectivo nin mediante cheque bancario.

2.5. De ser o caso, acreditación do reintegro de remanentes non aplicados.

2.6. Cando a xustificación comprenda gastos de persoal, a documentación xustificativa consistirá en contrato de traballo, nóminas, documentos de cotización á Seguridade Social, documento de ingreso das retencións á conta do IRPF (modelo 111) e xustificantes bancarios de pagamento das retribucións, correspondentes á persoa contratada. Nos xustificantes bancarios deberán constar claramente a persoa emisora e perceptora e o concepto do gasto.

2.6.1. Partes de traballo asinados pola empresa e a persoa traballadora, en que consten as horas dedicadas ao proxecto ou actividade subvencionada, con descrición das tarefas realizadas.

2.6.2. Declaración responsable da persoa que ten a representación da entidade, da adecuación do custo salarial das persoas traballadoras ao convenio colectivo aplicable,



especificando este e a categoría profesional das persoas traballadoras para os efectos da súa verificación.

A xustificación do pagamento dos gastos obxecto das axudas deberase acreditar a través de transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto bancario de pagamento. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo. Así mesmo, non se admitirán como xustificantes os obtidos a través da internet se non están validados pola entidade bancaria.

Cando o importe do gasto financiable supere as contías establecidas para o contrato menor na normativa básica de contratación do sector público vixente (contías iguais ou superiores a 40.000 € cando se trate de contratos de obras, ou 15.000 € no caso de contratos de subministracións ou servizos, segundo o artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro), a entidade beneficiaria deberá presentar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contracción do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que o presten ou subministren.

No caso de que, polas súas especiais características, non exista no mercado suficiente número de entidades que o presten ou subministren, deberá achegarse un informe que motive as especiais características que impliquen que non hai no mercado suficiente número de entidades que presten ou subministren o ben ou servizo.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa. Non exime da obriga da solicitude das tres ofertas o feito de dispor de provedores homologados, o feito de que se trate de provedores habituais ou a proximidade do provedor.

Malia o anterior, cando a entidade beneficiaria sexa un organismo sometido á lexislación sobre contratos do sector público e o importe do gasto financiable supere as contías





establecidas para o contrato menor na normativa básica de contratación do sector público vixente, a entidade beneficiaria rexerase polo disposto nesta normativa e deberá axustar a súa contratación aos procedementos que se establecen e, especialmente, á disposición adicional 54ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro.

Sétima.- Obrigas das partes e publicidade

1. No marco do presente convenio de colaboración a **Fundación Pública Galega Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela** asume as seguintes obrigacións con carácter enunciativo e non limitativo ás exixidas pola lexislación aplicable:

a) Ao reintegro, total ou parcial, da axuda pública percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión e, en todo caso, nos supostos regulados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b) A someterse ás actuacións de comprobación que poida efectuar o órgano competente en materia de medios, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, para o cal presentarán tanta información lles sexa requirida.

c) A dar unha adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que poidan derivar da execución no ano da convocatoria das actividades subvencionadas:

As entidades beneficiarias deberán dar publicidade na súa páxina web, publicacións, relatorios, equipamentos, material inventariable e actividades de difusión dos resultados do proxecto, e deberán mencionar expresamente que a actuación foi financiada no marco do proxecto TransfireSaúde do Programa Interreg POCTEP 2021-2027.

Nos documentos de traballo, así como nos informes e en calquera tipo de soporte que se





utilice nas actuacións necesarias para o obxecto do proxecto, o emblema do Programa Interreg España-Portugal aparecerá de forma visible e destacada de conformidade co Manual de identidade gráfica para proxectos aprobados no marco do POCTEP 2021-2027.

Os materiais de difusión dos resultados da actuación evitarán calquera imaxe discriminatoria da muller e fomentarán a igualdade e a pluralidade dos roles. Así mesmo, deberase evitar o uso dunha linguaxe sexista.

d) Se é o caso, a acreditar con anterioridade da correspondente proposta de pagamento, que está ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social, e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma. En caso de que as actuacións de oficio levadas a cabo polo órgano instrutor, conforme o artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dean como resultado que o solicitante ou o beneficiario ten débedas ou obrigas con algunha destas administracións, requiriráselle ao solicitante ou beneficiario que regularice a situación e presente o correspondente certificado.

e) A non estar incursas en ningunha das circunstancias ou causas de prohibición para a obtención de axudas, previstas no artigo 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nin en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

f) A comunicarlle ao órgano competente en materia de medios no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos subvencionados, a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as publicacións subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentaron a concesión da axuda.

g) A cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamente a concesión da subvención.



h) A xustificar, ante o órgano concedente, o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión da subvención. Para tal fin, estarán así mesmo obrigadas a someterse ás actuacións de comprobación que efectuará a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación ou control financeiro, para o cal se achegará tanta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións de comprobación.

i) A dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á persoa beneficiaria en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan exixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

j) A conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

2. No marco do presente convenio de colaboración a **Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde** asume as seguintes obrigacións con carácter enunciativo e non limitativo ás exixidas pola lexislación aplicable:

a) Facerse cargo do orzamento necesario para a execución das actividades vinculadas ao Convenio conforme ás cláusulas do mesmo.

b) Pór a disposición dos profesionais vinculados ao programa PRIS-T os recursos para velar o cumprimento das actividades previstas para os procesos de valorización e transferencia dos proxectos.

c) Velar pola correcta realización do proceso de valorización e/ou transferencia dos proxectos, e o cumprimento das obrigas de xustificación económica e técnica dos proxectos, e elaborar os informes preceptivos.





d) Respetar a confidencialidade da información relativa aos proxectos que se desenvolvan no marco do PRIS-T.

3. De conformidade co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE, así como na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, ambas partes se comprometen a gardar a mais estrita confidencialidade respecto de calquera das informacións, datos e documentación de carácter persoal á que teñan acceso en virtude do presente convenio e ao deber de gardalos, sen que poidan ser utilizados para usos diferentes aos previstos no mesmo, facendo constar de maneira expresa que velarán polo cumprimento da normativa de protección de datos persoais de aplicación en cada caso. Estas obrigacións subsistirán incluso despois de concluída a presente colaboración.

4. Os asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que o seus datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

5. A sinatura do convenio comportará a autorización ao órgano xestor para consultar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, a entidade beneficiaria poderá opoñerse a súa consulta polo órgano xestor, e nese caso deberá presentar as certificacións nos termos previstos regulamentariamente.

Oitava.- Comisión de seguimento

Para garantir a correcta execución e o seguimento do pactado neste convenio constituirase unha comisión de seguimento, composta de forma paritaria polos seguintes membros:





Por parte da **Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde:**

- Pola persoa que ocupe a Xerencia da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, quen ocupará a Presidencia da comisión, ou persoa en quen delegue.
- Pola persoa que ocupe a Dirección da área de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, quen ocupará ademais a Secretaría da comisión, ou persoa en quen delegue.

Por parte da **Fundación Pública Galega Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela:**

- Pola persoa que ocupe a Dirección da Fundación, ou persoa en quen delegue.
- Por unha persoa proposta pola Dirección da Fundación.

Esta comisión fixará as súas propias normas de funcionamento, deberá reunirse con carácter ordinario polo menos unha vez ao ano ou, de forma extraordinaria, cando o solicite xustificadamente calquera das partes. Para estes efectos, serán válidas as reunións por teleconferencia ou videoconferencia.

A votación dos asuntos que se sometan á comisión decidirse por maioría dos votos dos presentes con dereito a voto. En caso de empate, decidirá o voto de calidade da persoa quen presida a comisión.

Son funcións desta comisión de seguimento:

- Velar polo cumprimento das accións do Programa PRIS-T.
- O seguimento do desenvolvemento e aplicación do presente Convenio e das actividades realizadas, así como a adopción de decisións sobre os mesmos.
- A coordinación das accións de apoio á protección, valorización e transferencia, e o desenvolvemento dos medios adecuados para a súa implantación, de ser preciso.
- A determinación e validación da realización das actividades e a súa xustificación técnica e económica en sesión ordinaria logo da recepción da documentación





requirida á Fundación segundo o establecido na cláusula sexta deste convenio.

- Aprobación de financiamento de proxectos suplentes con cargo a remanentes de proxectos concedidos.
- A resolución daquelas dúbidas que puideren xurdir no cumprimento, execución ou interpretación deste Convenio.
- Modificación das cláusulas contidas no presente Convenio.

Novena.- Propiedade intelectual

En ningún caso as cláusulas do presente convenio supoñen a cesión ou transmisión de calquera dereito de propiedade intelectual ou industrial titularidade das partes. Todos os dereitos derivados da execución deste Convenio de colaboración serán de titularidade e uso común das partes que interveñen na formalización do presente Convenio, sen que ningunha delas asuma a súa explotación ou uso exclusivo. Para o non previsto expresamente nesta cláusula aplicaranse con carácter supletorio as normas contidas no Real Decreto Lexislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual e na normativa de dereito da propiedade industrial.

Décima.- Entrada en vigor e duración

O presente convenio de colaboración entrará en vigor no momento da súa sinatura ata o 30 de xuño do 2026.

Décimo primeira.- Entrada en vigor e duración

Son causas de resolución do presente convenio de colaboración:

1. A introdución de modificacións Programa PRIS-T aprobado pola comisión sen xustificación e sen previa autorización escrita da ACIS.
2. O incumprimento das cláusulas do convenio (total ou parcialmente), que a cada parte lle corresponden.



3. A suspensión do convenio por parte da ACIS por razóns de interese público.
4. O acordo expreso e por escrito das institucións asinantes.
5. A denuncia de calquera das partes asinantes, sempre que o notifique ás outras partes con dous meses de antelación á data de finalización da vixencia do convenio

Décimo segunda.- Réxime de modificación do convenio

De acordo co establecido no artigo 31.4 da lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser modificado coa finalidade de lograr os obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira da Comunidade Autónoma de Galicia. En todo caso, a modificación do contido do convenio requirirá acordo das partes asinantes.

Décimo terceira.- Xurisdición

Este acordo ten natureza de convenio de colaboración, quedando excluído da aplicación da lexislación dos contratos administrativos, a teor do disposto no artigo 4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Este acordo ten natureza administrativa. As dúbidas que poden xurdir sobre a súa interpretación resolveranse de mutuo acordo entre as partes pola comisión de seguimento. Con todo, no caso de persistencia do desacordo, corresponderá á xurisdición contencioso administrativa resolver as cuestións litixiosas que poidan xurdir da súa interpretación e cumprimento.

Décimo cuarta.- Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno

A sinatura deste Convenio de Colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poda facer



públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O presente Convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E, en proba de conformidade, ambas as partes asinan o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde	Pola Fundación Pública Galega Instituto de investigación sanitaria de Santiago de Compostela
D. Antonio Gómez Caamaño Conselleiro de Sanidade e Presidente da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde	D. Ángel Facio Villanueva Presidente do Padroado da Fundación Pública Galega Instituto de investigación sanitaria de Santiago de Compostela





ANEXO I: MEMORIA CIENTÍFICO-TÉCNICA DE ACTUACIÓN

1. Identificación da entidade beneficiaria		
Razón social	ACRÓNIMO	NIF
Domicilio Social		
Teléfono	Enderezo electrónico	
Persoa de contacto		

2. Identificación do proxecto:	
Título do proxecto:	Acrónimo e liña de actuación:
Representante legal da entidade beneficiaria:	
Data de inicio do proxecto:	Data conclusión do proxecto:
Sinatura do representante legal:	Data

A. GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS

A.1 Describa as actividades e os fitos chave desenvolto.

A.2 Se atopou problemas no desenvolvemento do proxecto, coménteos, especificando a súa natureza (de carácter científico, de xestión, etc.). Desviacións en relación co plan de traballo/cronograma previsto na solicitude da axuda.





B. ACTIVIDADES REALIZADAS

B.1. Enumere as tarefas realizadas e posibles desviacións segundo o plan de desenvolvemento previsto na solicitude

B.2 Gastos realizados para a consecución das tarefas anteriores

Tarefa 1:

Tipo de gasto	Servizos (I+d+i; validación técnica e económica...)	
	Equipamento, material fungible	
	Outros gastos	

Custo total EUR

Breve descripción:

(deberase copiar a táboa tantas veces como tipo de gastos teña o proxecto)

C. DIFUSIÓN DO PROXECTO

C.1. Indique a difusión realizada do proxecto (publicacións, congresos, ...)

D. IMPACTOS E REPERCUSIÓNS DO PROXECTO

D.1. Impacto e repercusión obtidos ata o momento sobre o aumento das capacidades





D.2. Proxectos de I+D+i previstos a curto prazo ligados

D.3. Nivel de execución do plan de explotación definido na solicitude

**3. É a memoria científico-técnica final
do proxecto?**

SI

NON

Cumpriuse a finalidade da axuda concedida?

SI

NON

Nome e apelidos do representante legal da
entidade beneficiaria:

Sinatura do representante legal e data:



ANEXO II: MEMORIA ECONÓMICA XUSTIFICATIVA

ENTIDADE
CIF
PERÍODO

NOME DO
PROXECTO
ACRÓNIMO
LIÑA DE
ACTUACIÓN

MATERIAL E PEQUENOS EQUIPOS INVENTARIABLES								
CONCEPTO / DESCRICIÓN DO GASTO	Nº FACTURA	PROVEDOR	NIF	DATA FACTURA	BASE IMPOÑIBLE	IVE	TOTAL	DATA DE PAGO

SERVIZOS DE I+D+i E CONSULTORÍA								
CONCEPTO / DESCRICIÓN DO GASTO	Nº FACTURA	PROVEDOR	NIF	DATA FACTURA	BASE IMPOÑIBLE	IVE	TOTAL	DATA DE PAGO

SERVIZOS DE ENFOQUE ESTRATÉXICO E PROTECCIÓN								
CONCEPTO / DESCRICIÓN DO GASTO	Nº FACTURA	PROVEDOR	NIF	DATA FACTURA	BASE IMPOÑIBLE	IVE	TOTAL	DATA DE PAGO





SERVICIOS DE VALIDACIÓN TÉCNICA E ECONÓMICA								
CONCEPTO / DESCRICIÓN DO GASTO	Nº FACTURA	PROVEDOR	NIF	DATA FACTURA	BASE IMPOÑIBLE	IVE	TOTAL	DATA DE PAGO

SERVICIOS DE ESTUDO DE MERCADO								
CONCEPTO / DESCRICIÓN DO GASTO	Nº FACTURA	PROVEDOR	NIF	DATA FACTURA	BASE IMPOÑIBLE	IVE	TOTAL	DATA DE PAGO

CUSTOS DE XESTIÓN DE XESTIÓN PERSOAL FUNDACIÓN (MÁXIMO 10%)								
APELIDOS, NOME SINATURA	INICIO - FIN PERÍODO	HORAS IMPUTADAS	RETRIBU CIÓN BRUTA	COTA PATRONAL	CUSTE TOTAL	CUSTE HORA	CUSTE TOTAL IMPUTADO	ACTIVIDADES REALIZADAS





Non se considerarán gastos financiados en ningún caso os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación. O imposto sobre o valor engadido (IVE) poderase considerar gasto subvencionable cando a entidade beneficiaria acredite, mediante a correspondente certificación, que se encontra acollida ao réxime de exención do IVE.

TOTAL GASTOS NON PERSOAL	
TOTAL GASTOS PERSOAL (MÁXIMO 10%)	
TOTAL XUSTIFICADO	

SINATURA REPRESENTANTE LEGAL

